

# CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia)	

## SUMARIO:

Resolución do 2 de xuño de 2015 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a lista definitiva dos opositores que deberán realizar a proba de acreditación do coñecemento de lingua galega, nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

## TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

Transcurrido o prazo previsto na resolución pola que se fixeron públicas as listas provisionais de admitidos e excluídos nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 11 de marzo de 2015 (DOG do 18 de marzo) e debendo realizar a proba de coñecemento da lingua galega, de acordo coa base común sétima da citada orde,

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

## RESOLVE:

Primeiro.- Facer pública a lista definitiva de opositores que deberán realizar a proba de lingua galega dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de

carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Recórdase que a data da proba de acreditación de coñecemento de lingua galega será o día 13 de xuño de 2015, no IES AS Fontiñas, rúa de Estocolmo 5, Santiago de Compostela, segundo a resolución do 15 de maio de 2015 (DOG do 25 de maio) e que dita proba é eliminatoria.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2015  
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos  
José Manuel Pinal Rodríguez

INSIRASE NO DOG